

# COMO CONSTRUIR CHARCAS

Lucía Parente e Ramsés Pérez\*

As charcas son ecosistemas valiosos e ameazados que veñen desaparecendo da nosa xeografía por diversos motivos. En 2013, ADEGA puxo en marcha o proxecto "Charcas con vida" co obxectivo de poñer en valor estes lugares e axudar a súa conservación. Unha das liñas do proxecto céntrase na creación ou recuperación destes puntos de auga. Neste artigo, apuntamos algunhas das cuestións que debemos ter en conta á hora de construír charcas.

A construción de charcas é unha ferramenta útil na mellora da paisaxe, tamén axuda a creación de microclimas en xardíns e zonas agrícolas, recupera a calidade das augas superficiais e permite a conservación de especies que viven ou dependen destes lugares para a súa supervivencia. As creación de novas charcas compensa a destrución e degradación doutras por motivos antropoxénicos.

O proxecto "Charcas con vida" conta coa colaboración da *Fundación Biodiversidad* do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, e realízase en convenio co *Centro de Investigación em Biodiversidade e Recursos Genéticos* de Portugal. Enmarcadas nesta iniciativa celebráronse unha serie de xornadas de voluntariado ambiental para a recuperación e construción de charcas espalladas polo territorio galego que contaron con numerosos grupos de voluntariado. Levouse esta experiencia á Eira da Xoana, centro ambiental de ADEGA situado en Ramil (Agolada), aos terreos da Universidade da Coruña, aos espazos naturais de Xunqueira de Espadanedo e Montederramo en Ourense e aos Ancares leoneses.

A continuación indicamos algúns dos factores que debemos atender se nos decidimos a construír unha charca.

## ANTES DE CONSTRUIR

### PROPIEDAD DO TERREO

O habitual é construír charcas en terreos propios, pero tamén pode darse o caso de querer construír unha charca nalgunha finca aparentemente abandonada. Por iso, cando escollemos un lugar para construír un pequeno humidal, o primeiro que debemos saber é de quen é a propiedade, se é terreo público ou privado e tamén se conta con algunha figura de protección (Rede Natura 2000, ZEPA, LIC...).

Se o lugar é de propiedade privada, unha boa opción é asinar acordos de custodia do territorio cos donos ou

Ramsés Pérez



Poza de rega recuperada nunha finca privada en Montederramo.

donas, que facilitarán a xestión ou monitorización da charca unha vez feita. No caso de ser propiedade pública, tamén podemos asinar acordos cos titulares (concellos, fundacións...). Todas as charcas construídas por ADEGA en fincas privadas desenvolvéronse mediante acordos de custodia do territorio cos propietarios e propietarias.

### BIODIVERSIDADE

Á hora de crear a charca debemos pensar en cal vai ser a súa función (ornamental, didáctica...) e que biodiversidade esperamos atopar co paso do tempo (libeliñas, anfibios...). A súa estrutura e localización dependerán dos seus futuros ocupantes. Non obteremos os mesmos resultados se construímos unha charca no patio dun colexio urbano, que se a construímos nunha leira rodeada de bosque autóctono.

### AUGA E SOLO

Unha charca é un pequeno humidal e, polo tanto, o elemento máis importante vai ser a auga. Existen charcas temporais, que secan durante meses dependendo das precipitacións e charcas permanentes que manteñen a auga todo o ano.


A auga da nosa charca pode proceder de varias fontes. Podemos derivala dalgún rego que permita manter un mínimo de renovación, instalando tamén unha saída para a auga sobrante. Tamén podemos empregar a auga de chuvia, tendo en conta que nalgúns momentos a charca estará seca. Os mananciais tamén son moi prácticos se contamos no terreo cunha nacente.

Por outra banda, as charcas tamén se poden crear en brañas ou terreos inundados que, de por si, manteñen auga durante boa parte do ano e que non precisan impermeabilización.

Deberemos ter coidado de que auga non proceda dunha fonte contaminada ou que corra o risco de padecer vertidos.

### DESEÑO DA CHARCA

Será importante deseñar a charca antes de construíla facendo un pequeno bosquexo. Neste labor, hai que ser conscientes de que as charcas "mixtas" dan pé a máis biodiversidade, polo que, se ten varias profundidades estas serán refuxio de maior variedade de hábitats e especies. É preferíbel que a súa forma sexa irregular e que as súas marxes sexan suaves.



**Colabora no inventario de charcas !!!** Outra das liñas de traballo de Charcas con vida é a de crear un inventario de charcas, coa finalidade de ir recollendo a cantidade e a situación de pequenas masas de auga existentes en Galiza. Se preto da túa casa ou do teu traballo, na aldea, etc., coñeces unha poza, pía, ou unha areeira inundada, podes engadila ao inventario de charcas. É moi doado: entra na web [www.charcasconvida.org](http://www.charcasconvida.org), no apartado "Inventario de Charcas".



Colocación da lámina impermeábel na charca do campus da UDC.

## Á HORA DE CONSTRUIR

### ESCAVACIÓN

Unha vez deseñada a forma, é recomendábel delimitar o espazo da charca. Podemos facer o perímetro con pequenas estacas e unha corda fina.

A escavación pódese realizar cunha mini-escavadora, se o orzamento nolo permite, de xeito manual con amigos e familiares, ou organizando xornadas de voluntariado ambiental ao tempo que tamén xeramos conciencia sobre a importancia destes ecosistemas.

As marxes da nosa charca, polo menos nunha das súas metades, deberán ter unha inclinación lixeira (20°, aproximadamente). Seguindo o noso bosquejo, crearemos profundidades diferentes para dar espazo á maior

biodiversidade posíbel. En definitiva, debe evitarse que a charca sexa homoxénea, recta ou simplificada.

### USO DE IMPERMEABILIZANTES

A impermeabilización será necesaria en terreos moi secos, ou naqueles que non reteñan auga en ningún momento do ano. Tamén podemos crear charcas sen impermeabilizar.

O material máis natural para impermeabilizar a charca é a arxila, coa que poderemos cubrir o fondo. Mais, debemos analizar o custe do produto e a necesidade de transportalo.

Outra alternativa é o material sintético. Neste caso, son moi recomendábeis as láminas EPDM (caucho de etileno propileno dieno). Non son tóxicas, son flexíbeis e moi duradeiras. Previamente,

será preciso colocar unha cama de area ou palla para evitar que a lámina rache pola presión de pedras ou obxectos saíntes do substrato.

### PEDRAS E SUBSTRATO

Unha vez feito o burato, e impermeabilizado se é o caso, procederemos a conseguir un substrato apropiado para a colonización da fauna e flora típicas do lugar.

Se a impermeabilización é sintética, é recomendábel colocar unha capa de xeotextil (por exemplo: fibra de coco), xunto con terra e pedras, para favorecer un substrato que axude na colonización de plantas acuáticas.

Se a impermeabilización é natural, só haberá que engadir pedras nas marxes e no interior da charca para facilitar o refuxio de fauna.

### VALADO

Se existe perigo de entrada de animais grandes como xabaris, corzos, vacas, ovellas..., que alteren as condicións da nosa charca, será preciso valala. Pódese utilizar malla ovelleira que permite a animais máis pequenos (raposos, xenetas...) achegarse ao humidal para cazar ou beber.

### A CHARCA

Unha vez rematada a construción da nosa charca, só debemos agardar a que os animais e as plantas a vaian colonizando. Podemos axudarnos dalgunha semente ou pé de plantas acuáticas propias destes ecosistemas para favorecer o agromo de biodiversidade. O ideal sería recoller estas sementes de zonas próximas. Os animais aparecerán por si sós co paso do tempo, primeiro os invertebrados e logo os anfibios...

Lembrede que nas charcas naturais non hai peixes e que nunca debemos introducir especies invasoras, tanto de flora (xacinto de auga, azola...), como de fauna (carpíns, gambusias, tartarugas de Florida...).

Será necesario facer un seguimento e mantemento da charca, achegándonos a ela varias veces ao ano para comprobar cales son os seus "novos habitantes" e tamén se precisa dalgunha actuación de mellora.

\* Lucía Parente e Ramsés Pérez son os coordinadores de Charcas con Vida de ADEGA.  
+ info: [charcasconvida.org](http://charcasconvida.org)